




O BARQUIÑO DE PAPEL




1. Imos facer o barco clásico, para o que partimos do chapeu triangular. Abrimos a figura, e unimos os vértices da base.




2. Temos esta nova figura, coa abertura na parte de abaixo. Dobramos os vértices inferiores cara arriba, pola liña marcada, que pasa polo punto de cruce das dúas franxas rectangulares (sinalado cunha frecha). O vértice dianteiro cara a diante diante e o traseiro cara a atrás.



3. Obtemos así esta figura. Abrímola e repetimos as dobras anteriores.



4. Primeiro unindo os dous vértices laterais.



5. Despois dobrando a parte inferior cara á fronte e cara enriba, mais desta vez seguindo a liña dos dous vértices laterais.

6. Facemos o mesmo coa parte inferior traseira, que dobramos cara atrás e cara enriba.

6. Nesta figura, separamos as aletas de diante e atrás para podermos agarrar a peza polos dous triángulos que se ven no seu interior.



7. Abrimos, xa que logo tirando cara aos dous lados.



8. E velaquí o clásico barquiño de papel.